

CAXOTO  
GEMA SANTOS



A TRASTENDA  
DOS CONTOS

# meu amigo!

Lingua de Signos - Lingua Oral



Caxoto

Gema  
Santos

Ed. en valores / Diversidade / Int-Ext  
Idade: P. familiar / P. Infantil ( 4-10 anos)  
Duração: 60 minutos

@Caxoto\_  
653 61 61 26  
[www.atrastendadoscontos.com](http://www.atrastendadoscontos.com)

# É MEU AMIGO! (Lingua de signos, lingua oral)

PÚBLICO	Público familiar (Infantil a partires de 5 anos)
DURACIÓN	50 min
CATEGORÍAS	Ed en valores / diversidade / Int
SINOPSE	<p>Despois de estrear o seu primeiro espectáculo xuntas en lingua de signos e lingua oral “Unhas lentes como as do avó”, Gema e Caxoto axiña entenderon que aquilo non ía quedar nun único proxecto. Segundo se sucedían os ensaios e representacións xurdían a cada momento novas ideas e novos enfoques á hora de conxugar estas dúas linguas nunha nova proposta escénica.</p> <p>Con calma, tempo e moito probar e desbotar, xurde este novo espectáculo de escoita cas orellas e cas mans, que nos fala sobre a fragilidade humana, pero tamén sobre a súa maior fortaleza...a amizade.</p> <p><b>Gema era unha meniña cando coñeceu a Martiño e naquel intre soubo que a súa vida xa nunca sería igual. Martiño é un rapaz introvertido nun mundo demasiado exposto, pero aínda que lle abonde un recunchiño de parque para xogar, no seu maxín collen mil mundos, mil aventuras e algún que outro medo... Só quen teña o don da curiosidade e a ferramenta da empatía poderá adentrarse con el nunha aventura que case sen darse conta remate no máis alto do Everest.</b></p> <p>Unha historia en lingua de signos e lingua oral sobre a amizade, a comunicación, os medos e a xestión emocional apta para todos os públicos.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Plano e rider de luces</p> <p>Conexión eléctrica</p> <p>Espazo escénico recomendable: 8m (boca), 6m (fondo), 5 m (alto)</p> <p>Equipo de son adaptado ao espazo se o requirise</p>



---

FICHA  
ARTÍSTICA

**Elenco e Dramaturxia:** Gema Santos e Caxoto

**Adaptación artística e asesoramento:** Marta Iglesias

**Deseño iluminación/son:** Daniel García (Dane)

**Asesoramento Lingua de Signos:** Gema Santos

**Escenografía:** Banale

**Deseño Cartel:** David Muñiz

**Materials e campaña promocional:** Nativa Project

**Produce:** A Trastenda Dos Contos (Caxoto)

**Coa colaboración de:**

- Concello da Coruña
- Concello de Carballo
- Festival Internacional Outono de Teatro - Carballo (FIOT)
- Concello da Illa de Arousa



**A TRASTENDA  
DOS CONTOS**

@caxoto\_

653 61 61 26

caxoto@atrastendadoscontos.com


www.atrastendadoscontos.com

# IMAXINARIO



Un espectáculo en lingua de signos e lingua oral onde as dúas conviven por igual enriba do escenario.

Gema e Caxoto ofrecen un novo espectáculo moi visual para deixar voar e imaxinación



A amizade, a integración, as diversidade, a xestión emocional, os medos,...



**A TRASTENDA  
DOS CONTOS**

@caxoto\_

653 61 61 26

caxoto@atrastendadoscontos.com

www.atrastendadoscontos.com

# SOBRE GEMA

---

## GEMA SANTOS

Gema naceu en Madrid, pero é galega de adopción dende o ano 2006. Antes de chegar á terra formouse como intérprete de lingua de signos na Fundación CNSE e o que mais lle gustaba daquela era ir mirar e facer contos signados e interpretados.

Despois da súa chegada A Coruña, seguiu formándose como Educadora Social, Animadora Sociocultural e Mediadora Comunicativa. Sempre, entre unha cousa e a outra, seguiu abrindo portas en diferentes ámbitos da interpretación, tendo a sorte de atoparse de novo co ámbito artístico co que tanto gozaba nas súas primeiras andainas na capital.

Proxectos teatrais, galas, talleres e concertos, contaron con ela para que puideran ser aínda mais accesibles. Traballar ó carón da Panadaría, Aldeolado, Robert Pier músicas participativas e inclusivas (MIP), Mercedes Peón, poesías no Diversidarte, foron algúns dos pasos previos a chegar á Trastenda dos Contos.

Sen deixar de lado o ámbito educativo onde actualmente traballa, con Caxoto descubrirá o marabilloso mundo da narración oral onde, xuntas, danse conta co primeiro espectáculo “Unhas lentes como as do avó”, que a lingua de signos e a lingua oral poden conxugarse e ser entendidas por público xordo e ouvinte. Por iso, despois de moito macerar, aquí van coa seguinte!



# SOBRE CAXOTO

---

## CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- XV Festival Intercultural Narración Oral de Sevilla (FINOS)
- XI Festival de cuentos eróticos (Zamora)
- Viércoles de los cuentos (Guadalajara)
- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de cuentos de una noche de verano (Chapinería)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

